



## **REGULAMENTO**

A Gladiator KIDS SOUTOMAIOR está pensada para que os máis pequenos da casa poidan gozar dun día en familia facendo deporte.

**Artigo 1º.- Organizador.** A Gladiator KIDS é unha carreira para nenos/as sen carácter competitivo organizada pola empresa NOKO 360 que se celebrará no peirao de Arcade (ayto Soutomaior)

**Artigo 2º .-Día e lugar de celebración.** A proba realizarase o 18 de maio a partir das 16:30 horas

**Artigo 3º. Participación e idade mínima.** Na proba poderá participar calquera neno/a que o día da celebración da proba teña cumprida a idade entre 3 e 11 anos e que aceptase devandito regulamento no momento de formalizar a inscrición. O límite de prazas será de 250

**Artigo 4º. Percorrido e grupos de idade.** Haberá tres franxas de idade que realizará cada unha delas un percorrido diferente:

- Franxa de 3-5anos: Percorrido de 500 metros aprox
- Franxa de 6 a 11 anos: Percorrido de 900 metros aprox

**Artigo 5º.** Horarios e Saídas da Carreira. A proba empezará ás 16:30 horas mediante un sistema de “Quendas”. Cada 5´ sairá unha quenda composta por un máximo de 15 nenos/as cada unha.



2 días antes do evento enviarase a cada participante o horario e quenda na que participará.

**Artigo 6º. Cronometraxe e premios.** Ao ser unha proba de carácter lúdico e benéfico e non competitiva, non se realizará ningún tipo de cronometraxe por chip ou similar e entregarase un obsequio a cada participante ao finalizar a proba.

**Artigo 7º. Inscripción e recollida de dorsais.** A proba será GRATUÍTA e incluírá a participación ao evento, seguro e medalla finisher A inscrición realizarase a través da páxina web oficial do evento <https://gladiatorraceoficial.es/>

**Artigo 8º. Adultos.** A Gladiator Kids é unha carreira exclusiva para menores pero estes poderán ir acompañados dun adulto ao longo do percorrido. Os adultos non poderán superar os obstáculos senón só acompañar e axudar ao menor. Deberá situarse detrás ou á beira do mesmo e será imprescindible o respecto e fair play quedando PROHIBIDAS accións como o gritar, insultar, empuxar ou arrastrar a calquera participante.

**Artigo 9º. Seguros.** A organización dispoñerá dunha póliza de seguro de responsabilidade civil e dun seguro individual. Deste xeito, todos os menores, estarán cubertos pola póliza de seguro de accidentes contratada pola Organización

**Artigo 10º. Seguridade e percorrido.** O percorrido estará marcado e sinalizado. En caso de lesión comunícao ao



responsable da proba máis próximo para que solicite asistencia a través da radio.

**Artigo 11º.** Suspensión da proba. A organización resérvase o dereito de variar o punto de saída ou de chegada, atrasar a hora da carreira, así como suspendela por causas alleas aos promotores, comunicándoo na web e redes sociais oficiais do evento.

**Artigo 12º.** Uso dos datos dos participantes.

A Organización resérvase os dereitos das imaxes, fotografías, vídeo e información das probas, así como de utilizar todo este material para anuncios, relacións públicas ou calquera outro propósito xornalístico ou de promoción da carreira e outros eventos de GLADIATOR RACE.

Os datos referentes ao desenvolvemento da proba e/o actividade (fotos, vídeos etc.)/ etc.) poderán ser publicados na nosa páxina web e en calquera outro medio que poida dar promoción á mesma, e poderán ser cedidos ás entidades colaboradoras e patrocinadoras da proba e/o actividade, coa finalidade do bo desenvolvemento da mesma.

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, GLADIATOR RACE infórmalle que os datos da persoa rexistrada serán incorporados ao ficheiro xeral de usuarios de actividades propiedade desta sociedade cuxa finalidade é manter e cumprir coas obrigacións que dimanán da participación nesta probas e/o actividade, o que inclúe o envío de sms e correos electrónicos informativos



sobre a actividade, desenvolvemento, clasificación etc., e novas convocatorias de actividades.

O rexistrado poderá revogar o seu consentimento, así como exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro no correo [eventos@nokao.es](mailto:eventos@nokao.es)

**Artigo 13º. Responsabilidade dos participantes.** Cada adulto que se responsabiliza da inscrición do menor á proba garante que o participante non ten ningunha enfermidade ou circunstancia excepcional coñecida que lle poida implicar unha lesión ou problema de saúde derivado da realización da mesma.

**Artigo 14º. Aceptación do Regulamento.** Mediante a miña inscrición na GLADIATOR FAMILY, comprométo-me a cumprir a normativa que regula a proba, así como as indicacións dos directores de carreira. Acepto este regulamento recolleito na páxina web <https://gladiatorraceoficial.es/>